

Turismo estranxeiro en Galicia (FRONTUR)

FONTE: Instituto Nacional de Estadística (INE) - Xullo 2021. Datos provisionais - Miles de persoas

No mes de xullo de 2021, o número de turistas -persoas que pasaron a noite na comunidade- foi de 102 mil persoas o cal representa o 2,3 % do total do turismo estranxeiro que recibe España.

Do total de turistas estranxeiros que recibiu Galicia durante o mes de xullo de 2021 clasificados segundo:

- **Vía de entrada:** O 81,7 % dos turistas estranxeiros empregaron como vía de acceso para entrar en Galicia a estrada, fronte ao 17,6 % que empregou o avión.
- **Tipo de aloxamento:** O aloxamento máis empregado foi o de mercado, cun 85 %, fronte a un 15 % de aloxamento non de mercado. Desagregando o tipo de aloxamento, o máis empregado foi hoteis e similares seguido de camping, que representan o 69,4 % e o 14 % respectivamente.
- **Motivo da viaxe:** O motivo principal polo cal os turistas estranxeiros visitan Galicia é ocio/vacacións, que representa o 82,4 % do total dos turistas que visitan Galicia, seguido de resto o cal representa o 10 %.

En termos de volume acumulado, dende o mes de xaneiro de 2021, ata o mes de xullo de 2021 a comunidade autónoma de Galicia recibiu 278,3 mil turistas, cunha variación anual do -1 % o cal representa o 2,8 % do total do turismo estranxeiro que recibe España.

Principais mercados emisores para Galicia. Acumulado Xaneiro–Xullo de 2021 (Turistas)

